

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 02.10.2025 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de outubro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 31072 (12/CPC-000106)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral da Lingua, por petición propia, para informar sobre as medidas impulsadas polo Goberno galego para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241f1, do 25.08.2025

Punto 2. Preguntas

- 2.1 33843 (12/POC-005528)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina
Sobre o nivel da dotación do CEIP Ana María Diéguez, de Rianxo, de persoal docente, singularmente de profesorado especialista, e as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego neste curso 2025-2026 para mellorar a súa situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260f3, do 25.09.2025
- 2.2 34140 (12/POC-005584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor
Sobre o estado en que están as gradas exteriores do IES Manuel Murguía, de Arteixo, e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia nestes espazos do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260f3, do 25.09.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.



Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025

Rubén Lorenzo Gómez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Rubén Lorenzo Gómez

P

Vicepresidenta

María Felisa Rodríguez Carrera

P

Secretario

Daniel Castro García

BNG

Vogais

Victor Manuel Baladrón Lamas

P

Aitor Bouza Manso

S

María Cristina Fernández Davila

BNG

Secundino Fernández Fernández

BNG

José Luis Ferro Iglesias

P

Julio García Comesaña

P

Patricia García González

P

Silvia Longueira Castro

S

Armando Ojea Bouzo

M

Carmen María Pomar Tojo

P

Mercedes Queixas Zas

BNG

Raúl Santamaría González

P

Iria Taibo Corsanego

BNG

Cecilia Vázquez Suárez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 02.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 02.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 31072(12/CPC-000106)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral da Lingua, por petición propia, para
informar sobre as medidas impulsadas polo Goberno galego para
o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa
lusofonía

Publicación da iniciativa, 241f1, 25.08.2025

Asunto: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral da Lingua, para **informar sobre as medidas impulsadas polo Goberno galego para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSX-REXPG-Y8J3CvC8-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/08/2025 13:42:10

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:42:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:42:12
Nº Rexistro: 31072
Data envío: 14/08/2025 13:42:12.958

CSV REXPG-Y9j9CoQ8-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 02.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 02.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 33843(12/POC-005528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o nivel da dotación do CEIP Ana María Diéguez, de Rianxo, de persoal docente, singularmente de profesorado especialista, e as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego neste curso 2025-2026 para mellorar a súa situación

Publicación da iniciativa, 260f3, 25.09.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2025 12:56:09
Nº Rexistro: 33843
Data envío: 12/09/2025 12:56:09,283

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás necesidades de persoal docente e especialistas no CEIP Ana Mª Diéguez de Asados-Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As necesidades educativas do CEIP “Ana María Diéguez”, de Asados-Rianxo e a falta de resposta por parte da Consellaría de Educación, fixeron que recentemente os pais e nais do alumnado dese centro adoptaran, por unanimidade, a decisión de non enviar aos seus fillos e fillas ás clases dende o comezo do curso, o vindeiro 8 de setembro.

As súas reivindicacións non son novas e xa no inicio do pasado curso manifestaron publicamente que o centro non era quen de cubrir as necesidades do alumnado con NEAE de xeito satisfactorio, debido ao insuficiente persoal de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), este compartido co CEP “Xosé María Brea Segade”, ao igual que a profesional responsábel do Departamento de Orientación.

Xa daquela poñían en evidencia que co profesorado do centro só se impartían arredor do 50% das sesións necesarias das especialidades mencionadas ao vérense tamén privados do PT itinerante que compartían co CEIP “ADR Castelao” que accedeu a unha comisión de servizos e que a Consellaría non cubriu.

Tamén facían patente que no seu CEIP contaban xa nese momento con distintas aulas, tanto en Educación Infantil coma en Primaria, que superaban o número de

Asinado o día 12/09/2025 ás
12:54
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 12/09/2025 ás
12:54
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REVPG-TAaCOqz-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2025 12:56:09
Nº Rexistro: 33843
Data envío: 12/09/2025 12:56:09.283

alumnado legalmente establecido, coa conseguinte incidencia na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio.

Pois ben, de cara este novo curso que comeza as carencias de persoal docente, que non foran totalmente corrixidas, están a provocar de novo o malestar e a preocupación das familias, que están a reivindicar o que lles corresponde aos seus fillos e fillas e o que a Administración educativa debería atender, nomeadamente naqueles casos máis vulnerábeis.

E as súas reclamacións veñen apoiadas polos datos, que indican que no curso que vén de rematar só se impartiron pouco máis do 45% das horas necesarias de PT e apenas o 21% das de AL que, de ningunha maneira, garanten unha educación de calidade.

As reclamación dos pais e nais, que contan co respaldo da totalidade do profesorado do centro, dun docente de PT, un de AL e un orientador a tempo completo confirman que a Consellaría está a incumprir de novo o incremento de docentes que anunciou para os colexios de Educación Infantil e Primaria.

Por outra banda, a aula de 5º de EP do centro, que conta con varios alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e fai que os 24 existentes sexan, a efectos de cómputo, un total de 28, certifican o incumprimento tamén por parte da Consellaría das ratios legais establecidas e pon de manifesto a necesidade do desdobre da aula, tal e como se vén demandando por parte da ANPA do colexio para que o alumnado poida ser atendido como lle corresponde.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2025 12:56:09
Nº Rexistro: 33843
Data envío: 12/09/2025 12:56:09.283

. Que medidas vai desenvolver a Consellaría de Educación no actual curso 2025-26 para corrixir a infradotación de profesorado e de especialistas no CEIP “Ana María Diéguez” de Asados-Rianxo?

. Considera que é de xustiza seguir a persistir nas carencias que xa veñen do curso anterior e que non se corrixiron por parte do Goberno galego?

. Considera que coa actual dotación de profesorado e de especialistas está totalmente garantida unha educación de calidade no centro?

. Por que motivo non se deu resposta dende a Consellaría de Educación ás reiteradas solicitudes da ANPA do centro?

. Que actuacións vai levar a cabo para que o alumnado do centro comece sen incidencias o curso e para garantirlle o seu dereito a unha atención educativa de calidade, nomeadamente naqueles casos que necesitan de apoio específico?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXISTRO: 17AaCOpZ4

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/09/2025 12:54:37
Cristina Fernández Davila na data 12/09/2025 12:54:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2025 12:56:09
Nº Rexistro: 33843
Data envío: 12/09/2025 12:56:09.283

CSV REXISTRO XERAL
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/09/2025 12:56:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2025 12:56:09
Nº Rexistro: 33843
Data envío: 12/09/2025 12:56:09.283

CSV REXISTRO-17AaCOOpZ4
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 02.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 34140(12/POC-005584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre o estado en que están as gradas exteriores do IES
Manuel Murguía, de Arteixo, e as actuacións previstas pola
Xunta de Galicia nestes espazos do centro

Publicación da iniciativa, 260f3, 25.09.2025



**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 11:21:16
Nº Rexistro: 34140
Data envío: 17/09/2025 11:21:16.128

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No ano 2021 por instancia da Agrupación Socialista de Arteixo, o Grupo Parlamentario Socialista representaba unha iniciativa no Parlamento de Galicia para pedir melloras no IES Manuel Murguía; dita iniciativa reflexaba a falla de persoal educativo e a saturación e mal estado no que se atopaban as súas instalacións, sen aula de informática, nin tecnoloxía o que deixaba a un dos institutos de máis alumnado de Galicia sen a capacidade para competir con outros centros de educación concertada e privada ou incluso públicos do noso entorno.

Dende facía máis dunha década e pese as continuas peticións realizadas dende o propio centro educativo e os consellos escolares, estas propostas eran ignoradas pola consellería de educación o que facía que o centro se atopase nunha lamentable situación de deterioro, tanto no interior como nos exteriores. Nesta iniciativa enumerábanse moitas das deficiencias detectadas e pediámoslle á Consellería de Educación que levara a cabo, de xeito urxente, as actuacións necesarias nas instalacións do IES Manuel Murguía de Arteixo coa finalidade de garantir a correcta funcionalidade da totalidade das instalacións ademais dun aumento dos docentes, pero a iniciativa foi votada en contra polo PP, quedando rexeitada pola súa maioría absoluta.

Catro anos despois se anunciaron obras da consellería para a reforma de dito centro, pero vemos que as obras só afectan á cuberta, fiestras, portas e teitos, non aos espazos exteriores en mal estado, ademais sabemos que non se vai a

Asinado o día 17/09/2025 ás
11:17
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 17/09/2025 ás
11:17
Por Silvia Longueira Castro

CSX-REXPG-deB0KpPX-7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 11:21:16
Nº Rexistro: 34140
Data envío: 17/09/2025 11:21:16.128

proceder a facer nada coas deterioradas gradas que ten o instituto que despois de consultar con diversos membros da comunidade educativa, nos comunican que avogan pola retirada de ditas gradas coa seguinte argumentación:

1. Estado de abandono e deterioro: As bancadas atópanse en estado de completo abandono desde hai anos. Durante o curso 2022/2023 unicamente usáronse unha vez, o último día de curso, durante un partido amigable entre alumnos e profesores. Esta foi a única apertura rexistrada en anos. O resto do tempo, as bancadas permanecen pechadas con cinta de precaución, ofrecendo unha imaxe de deixamento, con óxido, corrosión e signos evidentes de desgaste estrutural. Esta situación non só empeora o aspecto da contorna educativa, senón que tamén pode supoñer un risco para a seguridade do alumnado e do persoal docente.
2. Falla de uso: A comunidade educativa non fai uso activo nin recorrente destas bancadas. Non se utilizan no día a día, nin para actividades lectivas nin para actividades extraescolares, e o seu mantemento non foi unha prioridade nin por parte do centro nin por parte da administración. O espazo que ocupan actualmente non está a cumprir ningunha función educativa, social nin deportiva de relevancia.
3. Informes de seguridade e roubos: Trasládosenos que ocorreron varios roubos e intentos de roubo no centro accedendo a través das propias bancadas. A altura das bancadas en relación coa estrada traseira do instituto (Avenida de Figueiroa) facilita a entrada desde o exterior, como se pode comprobar nas seguintes imaxes dispoñibles en Google Street View. Esta circunstancia converte ás bancadas nunha vulnerabilidade estrutural que facilita delitos contra o patrimonio do centro e a seguridade do alumnado.
4. Desexo da dirección do centro: Sabemos que a dirección do IES Manuel Murguía tamén é favorable á retirada das bancadas. Esta coincidencia



CSV REXPO-deB0kPnPX-7

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 11:21:16
Nº Rexistro: 34140
Data envío: 17/09/2025 11:21:16.128

entre dirección, parte do AMPA, e alumnado, reforza a lexitimidade e o consenso sobre a medida.

5. Problemática de accidentes: Xa foron varios os casos de incidentes nos que alumnos do propio centro IES Manuel Murguía sufriron algún tipo de dano e/ou accidente por estar a escalar as bancadas para tentar subir ás mesmas.
6. Potencial aproveitamento do espazo: A eliminación das bancadas liberaría unha importante superficie que podería destinarse a múltiples usos beneficiosos para o correcto funcionamento do centro, tales por exemplo:
 - Espazo libre adicional para o recreo e tránsito de alumnos.
 - Posible instalación de estruturas educativas, deportivas ou recreativas, que si teñan un uso frecuente e acheguen valor á vida diaria do centro.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Consellería de Educación realizar obras nos espazos exteriores do IES Manuel Murguía? Son coñecedores do mal estado que teñen as gradas exteriores do IES e o risco para a seguridade do centro e da comunidade educativa?

Santiago de Compostela, a 17 de setembro do 2025

CSV REXPO-deB0prPX-7
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 17/09/2025 11:17:22

Aitor Bouza Manso na data 17/09/2025 11:17:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 11:21:16
Nº Rexistro: 34140
Data envío: 17/09/2025 11:21:16.128



CSV REXPO-deB0kpPX-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/09/2025 11:21:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 11:21:16
Nº Rexistro: 34140
Data envío: 17/09/2025 11:21:16.128



CSV REXPO-deB0kpPX-7
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

